



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo

R e máis as universidades da Coruña e Vigo danlle continuidade á Cátedra R en Ciberseguridade

- *Os reitores das universidades da Coruña e Vigo e máis o director de R asinaron esta mañá na cidade olívica o convenio para renovar a Cátedra R en Ciberseguridade, que xa fora pioneira en Galicia hai tres anos*
- *As actividades da Cátedra R manteñen a súa continuidade nos eidos da formación, divulgación e investigación en torno á ciberseguridade, área imprescindible e cada vez máis demandada no uso cotián das novas tecnoloxías por particulares e empresas, sobre todo a raíz da pandemia*
- *A idea global segue a ser a promoción e o desenvolvemento cultural, científico e tecnolóxico sobre a seguridade informática e a procura da súa aplicación práctica na sociedade galega*

Mércores, 30 de marzo de 2022.- Os reitores das Universidades da Coruña e de Vigo, Julio Abalde e Manuel Reigosa respectivamente, e máis Alfredo Ramos, director de **R**, asinaron esta mañá na reitoría do centro universitario vigués o convenio para a renovación da **Cátedra R en Ciberseguridade**, a primeira cátedra interuniversitaria galega que se creou en 2018 para lles responder ás crecentes necesidades nesta materia na sociedade e na empresa, parellas ao desenvolvemento progresivo das novas tecnoloxías.

A Cátedra **R**, hoxe renovada, mantén intactos os alicerces que a sustentan dende hai máis de tres anos para promover o desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado universitario, mellorar a capacitación e ampliar os coñecementos, técnicos e habelencias dos membros da comunidade universitaria e doutros profesionais. A meta última é **adaptar ese coñecemento ás necesidades da empresa**, fomentando a formación continua, a innovación e a investigación na área da ciberseguridade. Trátase dunha cátedra pioneira que lle abriu as portas á colaboración entre universidades do territorio autónomo dispostas desta volta a traballar man a man co operador galego **R** no eido da seguridade no universo dixital.

O reitor da Universidade de Vigo salientou a importancia de renovar “*unha Cátedra pioneira centrada no desenvolvemento das capacidades do alumnado e en trasladar o coñecemento xerado no ámbito da ciberseguridade ás empresas, dándolle así resposta ás súas necesidades*”. Logo de tres anos de colaboración, Manuel Reigosa, agradeceu “*o traballo desenvolvido por todos os parceiros da Cátedra R en Ciberseguridade, “un exemplo de colaboración das universidades públicas, neste caso co operador R no eido da seguridade no universo dixital”*”.

Pola súa banda, o reitor da Universidade da Coruña resaltou que *"hai tres anos se asinou este convenio de creación da Cátedra R de Ciberseguridade nun momento en que era importante empezar a desenvolver o coñecemento sobre ciberseguridade. Tres anos despois -engadiu- vemos que é imprescindible dispoñer de sistemas que nos protexan. A situación actual, mesmo coa invasión de Ucraína, pon en alerta a todas as empresas e institucións que necesitan dispoñer de sistemas de seguridade informática"*.

Parellamente, Alfredo Ramos considera *"unha boísima nova a renovación desta Cátedra R en Ciberseguridade que vencella dúas grandes universidades galegas con R. Un acordo que xa hai tres anos marcou un antes e un despois na relación entre os centros universitarios e o sector das telecomunicacións galegas, e abriu un viero para traballar conxuntamente, institucións públicas e privadas, a prol da divulgación de coñecemento e experiencia sobre ciberseguridade, profundando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións. Porque esta materia -continuou o director de R- vén de confirmar a súa relevancia e esencialidade durante a crise sanitaria e mesmo nesta etapa postpandémica que agora comezamos. Na conxuntura actual, a ciberseguridade vai requirir aínda máis, se cabe, a nosa atención para garantir o maior grao posible de seguridade a persoas e empresas nun mundo cada vez máis dixitalizado a todos os niveis"*.

Cátedra R en Ciberseguridade para investigar, formar e divulgar

Habida conta desta ineludible atención á seguridade nas contornas dixitais, as devanditas universidades galegas e máis R deseñaron unha Cátedra á que agora lle dan continuidade ratificando as súas numerosas e non limitadas liñas de actuación, entre as que destacan as seguintes:

- _ colaboración na **docencia+investigación** (*Mestrado Interunivesitario en Ciberseguridade*)
- _ creación de programa de **captación de talento** (alumnado ambas as dúas universidades)
- _ creación de espazos para a **difusión** e o **debate** sobre ciberseguridade
- _ **capacitación en competencias** relacionadas coa ciberseguridade tanto dentro da comunidade universitaria coma fóra dela, tendo en conta as necesidades competitivas das empresas.

No eido da **formación** e da **divulgación** está previsto seguir colaborando, como ata a data en mestrados e outros estudos de postgrao, programas de formación permanente, patrocinio de bolsas predoutorais e postdoutorais, premios a proxectos de fin de grao ou mestrado, traballos e concursos de ideas, conferencias, seminarios, obradoiros, promoción de prácticas curriculares e extracurriculares, visitas a empresas, plans de formación de empresas e institucións, formación para a creación de empresas de base tecnolóxica...etc.

E no terreo da **investigación** potenciaranse liñas conxuntas de traballo para desenvolver proxectos a nivel galego, español e europeo, apoiaranse teses de doutoramento e outras de fin de grao, promoveranse encontros nacionais e internacionais de expertos nas áreas de interese da ciberseguridade, ademais de empurrar a contratación de grupos das universidades da Coruña e de Vigo para accións de innovación ou consultoría especializada na empresa.

Comisión de seguimento e sedes nas facultades

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo e máis a Facultade de Informática da Universidade da Coruña manteñen tamén nesta nova andaina a posta a disposición da Cátedra R en Ciberseguridade das súas instalacións para desenvolver todas estas actividades programadas.

Unha **comisión de seguimento**, composta por dous representantes das universidades -un por cada un dos centros- e dous do operador galego, encargárase de supervisar as accións derivadas do convenio asinado para lle dar o visto e prace ás accións que se vaian desenvolver, aprobar os orzamentos anuais e elaborar unha “Memoria anual da Cátedra R en Ciberseguridade”, entre outras funcións.

Ciberseguridade, de opción a obriga + novos profesionais

A seguridade informática é un terreo que se converteu en imprescindible en poucos anos tanto a nivel particular coma empresarial ou institucional, pois compromete cuestións tan sensibles coma a privacidade, a protección dos datos de corporacións de todo tipo e mesmo segredos de Estado, por citar tan só algúns exemplos da amplitude de implicacións que o termo conleva. A ciberseguridade aféctalle ao *software* (bases de datos, metadatos, arquivos...), ao *hardware* (equipamentos) e a todo o que, relacionado coa información confida nos sistemas dunha organización supoña para ela un risco no caso de chegar a mans de terceiros, converténdose moitas veces, desta maneira, en información privilexiada.

Por iso, para as empresas, a ciberseguridade xa non é unha cuestión optativa nin un plus ou complemento das súas actividades senón unha obriga que, de non coidarse axeitadamente, pode comprometer mesmo a continuidade do propio negocio. E parellamente para as persoas, que só con prácticas ‘ciberseguras’ serán quen de protexer a súa intimidade e de evitar, por exemplo, a manipulación fraudulenta dos seus datos persoais e sensibles.

Neste sentido, nunha contorna cada vez máis dixital tanto en ámbitos privados coma profesionais, é imprescindible a formación das persoas como “cidadáns e cidadás dixitais responsables”, comezando mesmo dende a educación Primaria e Secundaria, como xa reclaman diversas voces do sector dun tempo a esta parte. Trátase, en suma, de potenciar o coñecemento do universo da seguridade informática para fomentar vocacións que se converterán nos/as nosos/as profesionais da ciberseguridade nun futuro xa presente.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal